

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**

ANUNCIO da convocatoria de axudas a deportistas galegos/as de alto nivel: Axudas Reto Galicia-Toquio con Igualdade 2021.

A Fundación Deporte Galego, tendo en conta que o seu obxecto social contempla o fomento do deporte de alta competición, convoca as axudas a deportistas galegos/as de alto nivel Axudas Reto Galicia Toquio con Igualdade 2021.

As/os deportistas solicitantes interesadas/os presentarán a solicitude (anexo I) preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>. Opcionalmente poderanse presentar as solicitudes presencialmente en formato papel orixinal no Rexistro da Fundación Deporte Galego (r/ Madrid, 2-4, 2º, As Fontiñas, 15781 Santiago de Compostela), ou en calquera rexistro oficial previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de utilizar un rexistro oficial diferente ao propio da Fundación Deporte Galego citado anteriormente ou de recorrer ao sistema de envíos postais para presentar as solicitudes, as persoas deportistas solicitantes veranse obrigadas a comunicalo por correo electrónico ao enderezo da Fundación (fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal) e a remitir anexa a propia solicitude.

Para a presentación das solicitudes de forma electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>), e habilitarase un enlace na Guía de procedementos e servizos co código DE100A.

O prazo de presentación de solicitudes estará habilitado de forma ininterrompida ata o 30 de setembro a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non houber día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo remata o derradeiro día do mes.



As bases poderanse consultar na sede da Fundación Deporte Galego, no enderezo sinalado anteriormente, ou na web <https://deporte.xunta.gal/>. O teléfono de contacto é 881 99 63 73.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2021

José Ramón Lete Lasa
Presidente da Fundación Deporte Galego

CVE-DOG: qv0cncs0-x9s5-gyp5-inj2-4bf1b7q7j947

